



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 22 de novembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 17 de novembro, elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións (Decreto nº 2017007323), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita polo Concelleiro delegado de Deportes, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 23-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
S250.3410.62200	Construcción novo pavillón deportivo sur	5.451,46
Total Transf. Positivas:		5.451,46 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.3300.12101	Complemento específico Cultura	5.451,46
Total Transf. Negativas:		5.451,46 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Descarga do documento electrónico na páxina <http://sede.ourense.gob.es> 'Validación do CSV'

CÓDIGO CSV: I91B5OMOKRD4IVI2